

OKTAPODI

“OKTAPODI” É O NOME DUNHA CURTAMETRAXE ELABORADA POR ESTUDANTES DO ÚLTIMO GRADO DA ESCOLA FRANCESA DE ANIMACIÓN DE LES Gobelins NO ANO 2007, O CAL LLES MERECEU UN NOMEAMENTO AO OSCAR EN 2008 COMO MELLOR CURTAMETRAXE ANIMADA.

TRÁTASE DE DOUS POLBOS QUE VIVEN NAMORADOS DENTRO DUNHA PEIXEIRA E SON SEPARADOS. UN DELES É ADQUIRIDO POR UN RESTAURANTE DE MARISCOS, O CAL LEVA AO OUTRO A EMPRENDER UNHA GRANDE AVENTURA PARA RESCATAR Á SÚA PARELLA.

PODEDES VER O VÍDEO AQUÍ:

1. CONTESTA ÁS SEGUINTE CUESTIÓN:

- A) CAL É O TEMA PRINCIPAL DA CURTAMETRAXE?
- B) CAL FOI A TÚA ESCENA FAVORITA DA CURTAMETRAXE?
- C) QUE COUSAS FIXO O POLBO PARA TRATAR DE ESCAPAR?

D) POR QUE CREES QUE O POLBO LARANXA SE ARRISCOU TANTO PARA SALVAR AO POLBO ROSA?

E) COMO TE SENTIRÍAS SE ALGUÉN FIXERA ALGO ASÍ POR TI?

2. O LUGAR NO QUE SE AMBIENTA ESTA CURTAMETRAXE É A ILLA DE SANTORINI, INVESTIGADE SOBRE O PAÍS NO QUE SE SITÚA.

PAÍS	
CONTINENTE	
CAPITAL	
MOEDA	
IDIOMA OFICIAL	
NÚMERO DE ILLAS	
MARES	
SISTEMA POLÍTICO	
MEMBRO DA UE?	
DENDE QUE ANO?	

3. LE O SEGUINTE FRAGMENTO E COMPLETA CON PALABRAS QUE ATOPES NEL.

A Alianza Francesa de Asunción anunciou onte o evento myfrenchfilmfestival: edición quédate en casa, unha plataforma creada por UniFrance, para os amantes do cine francófono, e que decidiu compartir máis de cincuenta curtametraxes francesas que estarán dispoñibles gratuitamente online e subtitulados en varios idiomas.

As curtametraxes, dispoñibles ata o 27 de abril do 2020, divertirán, asombrarán, informarán e axudarán a abrir unha ventá ao mundo, aínda que sexa virtual, para loitar contra o aburrimiento. Servirá tamén como un recordatorio de que o cine e a cultura poden axudar a manter o ánimo no medio da actual crise.

www.lanacion.com.py/estilodevida/2020/04/07/cuarentena-myfrenchfilmfestival-estrena-cortos-en-youtube/

❖ **SEIS SUBSTANTIVOS:**

❖ **SEIS VERBOS:**

❖ **DOUS ADXECTIVOS:**

❖ **CINCO DETERMINANTES:**